Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
dacoruna.gal/intranet/sindicatos/ccoo

AGRADECEMOS QUE FINALMENTE A CIG APOIASE O REGULAMENTO DE CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL APROBADO EN MESA CON LEVES MODIFICACIÓNS AO PRESENTADO POR CCOO E UXT, MAIS LAMENTAMOS QUE O CSIF SE AUTOEXCLUÍSE

O REGULAMENTO DE CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL OBTÉN O DITAME FAVORABLE NA COMISIÓN

CCOO DESENVOLVERÁ REUNIÓNS EXPLICATIVAS EN CADA CENTRO, EMPEZANDO HOXE, DÍA 18, ÁS 14:00 NA SALA JUANJO GALLO DO PAZO PROVINCIAL, O DÍA 19 ÁS 14:00 NO EDIFICIO TRIBUTARIO E O DÍA 22 ÁS 14:00 NA SALA 116 DO ROSALÍA MERA, ONDE TRATAREMOS O PROCESO DE SOLICITUDE PARA QUE SEXA O MÁIS FAVORABLE

Logo de medio ano de arduo traballo conxunto de UXT e CCOO no desenvolvemento do regulamento de Carreira Profesional Horizontal, o 1 de xullo aprobouse en Mesa Xeral de Negociación, e onte deuse un novo e decisivo paso para que sexa unha realidade.

O regulamento de Carreira Profesional Horizontal obtén o ditame favorable na Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital. O documento experimentou pequenos cambios para adaptarse aos pertinentes informes técnicos, pero que non significan cambios salientables sobre a proposta inicial. Unha vez superados os filtros técnicos achegamos o documento final que irá ao Pleno provincial de xullo para a súa aprobación. Polo que cada vez está máis preto que **o persoal vexa reflectida a Carreira Profesional Horizontal na nómina de outubro, se o Pleno da Corporación aproba en xullo o regulamento, como é intención do Goberno Provincial**, e tal e como vimos demandando dende UXT e CCOO. Cabe lembrar que froito da negociación de ambos os dous sindicatos, os orzamentos do 2024 inclúen unha partida de medio millón de euros para o desenvolvemento da Carreira Profesional, polo que de non implantarse neste ano o persoal perdería o dito medio millón de euros.

Agradecemos que finalmente a CIG apoiase o regulamento de Carreira Profesional Horizontal aprobado en mesa de negociación con leves modificacións ao presentado por CCOO e UXT, mais lamentamos que o CSIF se autoexcluíse, impedindo a unanimidade sindical nun acordo histórico que **supón o máis importante recoñecemento ao desenvolvemento laboral do persoal da Deputación da Coruña**, como pode observarse no cadro de importes por ano completo de carreira (cando finalice o período extraordinario e se cobre o 100%) para cada un dos grados que teña consolidado o persoal da Deputación segundo o grupo ou subgrupo no que o acadou. Cabe subliñar que a Carreira Profesional Horizontal remunera un máximo de catro grados.

Grupo de Clasificación	Importe Complemento de Carreira por cada grado
Grupo A1	2.500 €
Grupo A2	2.250 €
Grupo B	2.000 €
Grupo C1	1.750 €
Grupo C2	1.500 €
Agrupacións Profesionais	1.250 €

CCOO desenvolverá reunións explicativas en cada centro, empezando hoxe día 18 ás 14:00 na sala Juanjo Gallo do Pazo Provincial, o día 19 ás 14:00 no edificio tributario e o día 23 ás 14:00 na sala 116 do Rosalía Mera, onde trataremos o proceso de solicitude para que sexa o máis favorable para o persoal.

Xa que os tempos son moi axustados, o período de presentación de solicitudes rematará a principios de setembro para poder procesar as solicitudes e poder cobrar o Complemento de Carreira no mes de outubro. Polo que o persoal deberá andar moi atento para non perder o Complemento de Carreira no 2024 e no 2025. Subliñamos que **o acceso á Carreira Profesional Horizontal non é automático senón que debe ser solicitado expresamente polo persoal** a través dun procedemento que, una vez aprobado inicialmente o regulamento polo Pleno provincial se poñerá en subtel a disposición do persoal.

Aconsellamos ao persoal que vaia revisando as horas de formación que ten recoñecidas en subtel e comprobe se cumpren as esixencias establecidas na táboa 3 do regulamento para o período extraordinario:

	Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
Grupo A1	15	30	45	60
Grupo A2	14	28	42	56
Grupo B	13	26	39	52
Grupo C1	12	24	36	48
Grupo C2	11	22	33	44
Agrupacións Profesionais	10	20	30	40

Só no caso do persoal que non teña recoñecidas en subtel o mínimo de horas, este terá que achegar no proceso de solicitude os diplomas formativos que cumpran cos requisitos do artigo 8.7 na páxina 10.

Finamente queremos lembrar que **a Carreira Profesional é aplicable tanto ao persoal funcionario de carreira como ao interino** e que computa o tempo traballado en calquera administración, tanto de funcionario interino como de funcionario de carreira.